

## Acta asamblea en Común Ordinaria

Data: Mércores 21 de outubro de 2015

Lugar: Espazo en Común (As Burgas, 8)

Hora: 20h

### 0.) Espazo en Común:

Dáse conta do estado actual das obras, da necesidade de que se achegue máis xente a axudar, das compras de material para a execución das obras, das humidades e como está prevista a súa solución a conta do propietario.

Preséntase a posibilidade de acceder a mobiliario usado e cedido por doazón persoal.

Solicítase a existencia dun espazo pechado de almacenaxe de material, ben mediante obra ou armario con chave.

### 1) Informe dos grupos de traballo:

#### GT APERTURA:

- Encontros de barrio:

Faise unha análise crítica dos fallos na coordinación e difusión do Encontro das Eiroás.

Infórmase positivamente da xornada a pé de rúa no barrio da Ponte.

- Texto marco Rede de candidaturas veciñais de Ourense:

Infórmase do texto proposto na última xuntanza o sábado 17 en Trives á que OUEC estivo convidado e participou activamente. Unha vez analizado decidiuse someter o texto ás posibles emendas que se poidan achegar con respecto, non tanto ao texto na súa totalidade, como a un parágrafo en concreto.

Esas emendas serán presentadas na xornada que se vai celebrar o próximo 14 de novembro ás 17h en Ourense no Espazo en Común (As Burgas, 8) e que o GT Apertura está organizando. Serán recollidas as propostas ata o venres 13 ás 23.59h para ser presentadas ao día seguinte na xornada mencionada.

Pode consultarse este texto nesta ligazón:

<https://titanpad.com/borradortextomarcorededeOU-2>

## GT LEGAL, FINANZAS E LOXÍSTICA

- Infórmase da necesidade de actualizar apartado **Financiamento** da web OUeC para "facermos máis visibles as contas do grupo municipal e o apartado de Doazóns".

- Dáse conta da encomenda de redución do % en salario do GT Institucional. O GT Legal e Finanzas presenta a necesidade de reflexionar sobre o destino que se lle dará a eses cartos.

Propónse, aínda que sen consenso, crear unha listaxe de colectivos da cidade que poidan percibir o diñeiro en forma de doazón. Seguirase traballando neste apartado.

- Infórmase da inminente contratación de internet e móbil para Espazo en Común.

- Faise un chamamento aos coordinadores dos GT para recadar todos os ficheiros e OUeC para recompilalos baixo un mesmo arquivo e legalizarmos o uso de datos persoais en base a LOPD.

- Solicítase unha persoa voluntaria para encargarse da contabilidade de OUeC que é rapidamente aceptada polas persoas asistentes á asemblea.

## GT MEDIACIÓN

- Dáse conta do proceso de organización da xornada formativa para o 21 de novembro que será diferente a unha xornada lúdica que se retrasará ata a inauguración do local.

## GT RELATO E ANÁLISE

- Faise un chamamento colectivo para fomentar o uso da ferramenta Loomio como espazo de debate e reflexión colectiva.

- Infórmase dos diferentes eixos de traballo do grupo na actualidade: orzamentos, mocións e encontros sectoriais

- Dáse conta da definición do GT Acción Directa que non actuará como grupo de traballo con organización permanente senón en base as necesidades específicas.

## GT COMUNICACIÓN

- Informa de que supedita a redacción da estratexia de comunicación ao aprobado no apartado nº3 desta orde do día.

## GT COORDINACIÓN

- Dáse conta do cronograma proposto:

3 de novembro: Asemblea Extraordinaria a petición do GT Institucional para referendar o posicionamento de OUeC no pleno ordinario do mes de novembro.

14 de novembro: Encontro da Rede de candidaturas veciñais de Ourense

15 o 20 de novembro (votación mediante Doodle): Asemblea Ordinaria OUeC

21 de novembro: xornada sobre ferramentas participativas de OUeC

## GT INSTITUCIONAL

- Infórmase de que xa son accesibles as actas das diferentes xuntas e comisión a través da web no apartado de transparencia.
- O GT Institucional dará contas da súa actividade na asemblea monográfica extraordinaria do 3 de novembro.

## 2) Outros

Segue avanzando a proposta organizativa *GT Cooperación* para traballar no ámbito supramunicipal. Será presentado, previsiblemente, na seguinte Asemblea Ordinaria.

## 3) Repensamos OUeC

Acórdase por consenso a convocatoria dunha grande asemblea cidadá monográfica, recollida nos documentos constituíntes co nome de **Ourense, Ben Común**, a celebrar no próximo mes de xaneiro. Este encontro deberá fixar os obxectivos, estratexias e metodoloxías de OUeC perante as novas realidades.

Créase un GT específico que, baixo o nome **A Cidade dos Comúns**, será o responsable de organizar esta asemblea e avanzar nunha proposta colectiva de obxectivo/plan estratéxico para presentar na mesma a modo de borrador.

#### 4) Próximas assembleas

Asemblea extraordinaria a petición do GT Institucional: 3 novembro.

Asemblea ordinaria: semana do 16 ao 20 de novembro Doodle de votación:  
<http://doodle.com/poll/96ktxr9i3ypkv3x6#table>

**Levántase a sesión ás 22.00h.**